

Xa que Martínez Pereiro no seu libro de relatos *Novas tendencias da vida mansa* usa diferentes citas, conviría lembrar que nelas o esencial é o humor e o carácter impredecible de toda escritura. E esta escritura aparece no ámbito perfectamente delimitado do relato breve, propicio (pola súa extensión) ao ilusionismo narrativo.

Como humorista nato, Pereiro faille fronte á realidade e non lle rende tributo sen reservas. Pereiro sabe entreter o lector e exercitar a súa imaxinación con ángulos insólitos e fantásticos dunha experiencia persoal que non está lonxe do lector. A través da forma sinxela e fresca da súa narrativa, involucra e compromete ao lector; obrígaos a pór a súa ollada no transcendente porque a realidade, que figura esnaquizada en pequenas ficcións, que a constrúen e recrean -unhas veces en forma de contos; outras, de microrrelatos ou de textos epigramáticos, case lacónicos-, se converte en xuízos lapidarios, en pinceladas mestras que condensan unha visión novi-

Forma fresca

Humor en instantáneas



MANUEL ROSALES

dosa dos personaxes ou situacións. A vida mansa, en palabras do autor.

Cada narración ten o poder de desembocar nun golpe sorpresivo de enxeño. Ás veces o suceso resólvese polo absurdo; outras chega a descompoñer a lóxica e chega ao absurdo kafkiano, como no episodio no que Tareixa verá transformada a súa condición feminina tras a aparición súbita dun apéndice viril.

As máis das veces o que opera nestes relatos é o efecto humorístico que destila a ironía, sátira ou sorpresa en torno ás debilidades ou estupideces asentadas no pensamento humano a través dos séculos, pero sen agochar un trans-fondo crítico que pode chegar mesmo ata o acedume.

Todos os relatos apuntan a un sistema literario que se alimenta da convivencia problemática entre a pulsión histórica e o cotián. O xogo entre historia e vida, entre a escena e a observación, é un elo desta cadea ficcional que tanto ten seducido a Borges. En *Novas tendencias da vida mansa* atopamos múltiples historias. Quince en cada un dos tres capítulos nos que se divide o libro, articulados como cadros que se van entremesturando. Martínez Pereiro apela a diversos motivos, adoita utilizar todo tipo de xogos intertextuais con citas que encabezan ou epilogan e que fan do texto unha rede de referencias científicas, históricas, filosóficas e literarias mesturadas cunha realidade, un presente, no que o home aparece condicionado, escravo, do sexo e de falsas verdades.

Nesta colaxe pouco convencional Pereiro aposta por ensaiar unha poética na que a parodia, a ironía e o humor, en definitiva, abren as portas á imaxinación para que cumpra a súa función subversiva.

MARTÍNEZ PEREIRO,
Xosé Luís, Novas tendencias da vida mansa, Ed. Laiovento, Santiago, 2007, 85 páxinas.

